

CURSO DE VERÁN DA U.S.C.

Dislexia: novos retos na súa intervención interdisciplinar

O curso celebrouse desde o luns 15 ata o venres 19 de setembro de 2008 no Auditorio de Vilagarcía de Arousa. Á finalización de cada un dos relatorios, dispúxose un período de 15 minutos para preguntas e apuntamentos por parte dos asistentes que axudou a enriquecer e afondar nos contidos expostos.

LUNS 15

As 15.30 tivo lugar o acto de inauguración do Curso de Verán “Dislexia: novos retos na súa intervención interdisciplinar”. Abriron dito acto:

- Susana Camiño Pérez, Concelleira Delegada de Ensino, en representación do Concello de Vilagarcía de Arousa.
- Elías J. Torres Feijó, Vicerreitor de Cultura da USC, en representación da Universidade.
- Paula Outón Oviedo, Directora do curso.
- Andrés Suárez Yáñez, Profesor da Facultade de CC. da Educación da USC.

De 16:00 a 17.15h. o profesor Andrés Suárez Yáñez expuxo o relatorio titulado “Concepción de ler e escribir hoxe”, onde defendeu a necesidade de partir de concepcións aceptadas de ler e escribir de cara a ofrecer unha axuda de calidade na intervención con nenos disléxicos.

De 17.30 a 19.15h. a Profesora Teresa Díaz García, dentro do relatorio “A natureza da dislexia: mitos e realidades” estableceu as diferenzas entre o coñecemento mítico e científico da realidade e tentou transmitir o respecto pola neurodiversidade, adoptando unha visión positiva da dislexia que paliara as cargas negativas que adoita levar asociadas socialmente este termo.

Das 19.30 a 20.45h o Profesor José Quintanal Díaz, no seu relatorio “Cara unha explicación da dislexia: etioloxía”, expuxo as características desta dificultade así como unha visión xenérica do seu diagnóstico e evolución.

MARTES 16

O curso comezou co relatorio de Roser Colomer (Neuropsicóloga da Unidade de Trastornos da Aprendizaxe do Servizo de Neuroloxía do Hospital Sant Joan de Déu de Barcelona) titulado “A explicación neurolóxica da dislexia”. Nel púxose de relevo que a nivel anatómico-funcional, hoxe sábese que o patrón de actividade cerebral para ler e escribir é diferente para as persoas normolectoras que para as disléxicas.

Posteriormente, Santiago López Gómez (Doutor da USC) ofreceunos o relatorio “Caracterización Psicolingüística da Dislexia”, no que expuxo os correlatos psicolingüísticos asociados á dislexia.

Por último, Eugenia Salvador Mencerré (Codirectora da asociación Lectura Fácil e Profesora da Universitat Oberta de Catalunya) presentou os materiais de lectura fácil, fundamentalmente libros, elaborados con especial coidado para poder ser lidos e entendidos por persoas con dificultades lectoras ou de comprensión. Con eles búscase

facilitar o achegamento á lectura das persoas con dificultades de diferente etiología, converténdose nun elemento que desenvolva o seu gusto pola lectura.

MÉRCORES 17

Esta terceira xornada do curso comezou co relatorio “A avaliación psicopedagóxica da dislexia” exposto pola profesora da USC e directora do curso Paula Outón Oviedo. Nel estableceu unha definición de dislexia baseada nunha concepción aceptada pola comunidade científica, que aclara as connotacións semánticas que inclúe este termo. A continuación presentou un modelo psicopedagóxico global para a avaliación diagnóstica da dislexia e os criterios a ter en conta.

A continuación, o profesor José Antonio Portellano (Doutor en Psicología e profesor do Departamento de Psicobiología da Facultade de Psicología da Universidade Complutense de Madrid) expuxo o relatorio “A importancia das técnicas de neuroimaxe no diagnóstico da dislexia”. Nel amosounos a diferenza que as neuroimaxes aportan nos patróns de activación cerebral dos nenos/as disléxicos segundo recibiran ou non unha axeitada recuperación das súas dificultades.

Por último, desenvolveuse un obradoiro de novas tecnoloxías dirixido por Paloma Tejeda Navalón e Ángeles Gutiérrez García, profesoras do centro superior de estudos Universitarios La Salle da Universidade Autónoma de Madrid. Nel presentouse o emprego do Tablet PC e a Pizarra Dixital como recursos aplicables á intervención con nenos disléxicos.

XOVES 18

Esta xornada comezou co relatorio “A recuperación educativa en dislexia”, onde Carmen Martín, Directora e Coordinadora do Centro Psicopedagógico e Logopédico Martín de Barcelona, expuxo as bases do método multisensorial de Orton- Gillingham para a recuperación da dislexia.

No segundo relatorio deste día, Neus Buisán Cabot, logopeda e Presidenta da Associació Catalana de Dislexia presentou unha experiencia de reeducación dunha nena disléxica baseada fundamentalmente na toma de conciencia das súas dificultades e na autocorrección das súas producións.

Finalmente levouse a cabo a mesa redonda “A dislexia dende o asociacionismo”, na que participaron: Helena Dos Anjos Serra, Vicepresidenta da Associação Portuguesa de Dislexia; Neus Buisán Cabót, Presidenta da Associació Catalana de Dislexia e M^a del Carmen Díaz Fernández, Presidenta de Asociación Galega de Dislexia. Nela púxose de relevo a importancia do asociacionismo como elemento que permite unir esforzos de cara a facer visible a dislexia e loitar polos dereitos dos disléxicos. Tamén se propuxo o obxectivo de conseguir que o que hoxe se ten logrado a través das redes de solidariedade e voluntariado acabe por converterse nunha realidade asentada e regulada.

VENRES 19

Esta xornada comezou co relatorio da profesora da USC Paula Outón Oviedo “A dislexia na aula”, onde expuxo as medidas que os profesores poden adoptar na aula para favorecer a atención específica que precisa este alumnado.

A continuación desenvolveuse a mesa redonda “A dislexia desde a escola” coa participación de María Teresa Ogaza Rojas (Orientadora do C.E.I.P. A Gándara de Ferrol), Rebeca Sampedro Cid (Profesora de Audición e Linguaxe no C.E.I.P. de Santa Lucía de Moraña) e Manuela Álvarez Varela (Especialista de Audición e Linguaxe do Equipo de Orientación Específico de A Coruña). Nela presentáronse diversas experiencias de intervención con nenos disléxicos desde os ámbitos propios de cada unha das participantes.

Despois, o especialista en P.D.I. José Juan Nimo, presentou as posibilidades que ofrece a pizarra dixital para a intervención con nenos/as disléxicos/as.

O curso rematou co acto de clausura e a entrega de diplomas aos participantes.